

15483 *REAL DECRETO 1054/2003, do 1 de agosto, polo que se aproba a Norma de calidade para determinados tipos de leite conservado parcial ou totalmente deshidratado destinados á alimentación humana.* («BOE» 184, do 2-8-2003.)

As normas de calidade para o leite evaporado, o leite condensado e o leite en po foron aprobadas pola Orde do 7 de outubro de 1983, pola que se aproba a Norma xeral de calidade para o leite evaporado destinado ó comercio interior; a Orde do 25 de outubro de 1983, pola que se aproba a Norma xeral de calidade para o leite condensado, destinado ó mercado interior, e a Orde do 23 de novembro de 1984, pola que se aproba a Norma xeral de calidade para o leite en po destinado ó consumo para o mercado interior, respectivamente.

As ditas ordes recollían os requisitos establecidos pola Directiva 75/118/CEE do Consello, do 18 de decembro de 1975, relativa á aproximación das lexislacións dos estados membros sobre determinados tipos de leite conservado parcial ou totalmente deshidratado destinados á alimentación humana.

A mencionada Directiva 75/118/CEE queda substituída e é derogada, a partir do 17 de xullo de 2003, pola Directiva 2001/114/CE do Consello, do 20 de decembro de 2001, relativa á aproximación das lexislacións dos estados membros sobre determinados tipos de leite conservado parcial ou totalmente deshidratado destinados á alimentación humana, que supón o novo marco normativo comunitario nesta materia, dentro do proceso de simplificación e adaptación ás disposicións comunitarias de carácter xeral aplicables ós produtos alimenticios.

A incorporación da mencionada Directiva 2001/114/CE ó ordenamento xurídico interno, así como a substitución das citadas ordes do 7 de outubro de 1983, do 25 de outubro de 1983 e do 23 de novembro de 1984, que quedan derogadas, constitúen o obxecto deste real decreto polo que se establece a nova norma de calidade para determinados tipos de leite conservado parcial ou totalmente deshidratado destinados á alimentación humana.

Este real decreto dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e da sanidade.

Na súa tramitación foron consultadas as comunidades autónomas, así como os sectores afectados, e emitiu o seu preceptivo informe a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e da ministra de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de agosto de 2003,

DISP O Ñ O :

Artigo único. *Aprobación da Norma de calidade para determinados tipos de leite conservado parcial ou totalmente deshidratado destinados á alimentación humana.*

1. Apróbase a Norma de calidade para determinados tipos de leite conservado parcial ou totalmente deshidratado destinados á alimentación humana, que se insire a continuación deste real decreto.

2. Esta norma de calidade non se aplicará ós leites en po destinados ós nenos menores de 12 meses, que se rexerán polo disposto na regulamentación técnico-sa-

nitaria específica dos preparados para lactantes e preparados de continuación, aprobada polo Real decreto 72/1998, do 23 de xaneiro.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio.*

1. Os produtos obxecto deste real decreto poderán seguir sendo comercializados ata o 17 de xullo de 2004, sempre que cumpran co disposto polas disposicións vixentes con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto.

2. Non obstante, os produtos etiquetados con anterioridade ó 17 de xullo de 2004, e que non se axusten ó disposto neste real decreto, poderán seguir comercializándose ata que se esgoten as existencias, sempre que se axusten ó disposto polas disposicións vixentes con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

A partir da entrada en vigor deste real decreto, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido nel e, en particular, a Orde do 7 de outubro de 1983, pola que se aproba a Norma xeral de calidade para o leite evaporado destinado ó comercio interior, a Orde do 25 de outubro de 1983, pola que se aproba a Norma xeral de calidade para o leite condensado, destinado ó mercado interior, e a Orde do 23 de novembro de 1984, pola que se aproba a Norma xeral de calidade para o leite en po destinado ó consumo para o mercado interior.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación competencial.*

Este real decreto dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Os ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo poderán adoptar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento do establecido neste real decreto e para a actualización da norma de calidade que se aproba, como consecuencia das modificacións introducidas pola normativa comunitaria.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 1 de agosto de 2003.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno
e ministro da Presidencia,
MARIANO RAJOY BREY

Norma de calidade para determinados tipos de leite conservado parcial ou totalmente deshidratado destinados á alimentación humana

1. *Denominacións de venda e definición dos produtos.*—Para os efectos desta norma de calidade, esta-

blécense as denominacións, definicións e tipos de produtos que se detallan a seguir:

1.1 Leite parcialmente deshidratado.—O produto líquido, con ou sen adición de azucre, obtido directamente por eliminación parcial da auga do leite, do leite desnatado ou parcialmente desnatado ou dunha mestura dos ditos produtos, ó que puido engadírselle nata, leite totalmente deshidratado ou ámbolos produtos, sen que a cantidade de leite totalmente deshidratado adicionado supere, nos produtos finais, o 25 por cento do extracto seco total procedente do leite.

Tipos de leite parcialmente deshidratado.—O leite parcialmente deshidratado poderá ser de dous tipos, leite evaporado e leite condensado.

a) Tipos de leite evaporado:

1.º Leite evaporado rico en materia graxa.—Leite parcialmente deshidratado que contén en peso, polo menos, un 15 por cento de materia graxa e non menos dun 26,5 por cento de extracto seco total procedente do leite.

2.º Leite evaporado.—Leite parcialmente deshidratado que contén en peso, polo menos, un 7,5 por cento de materia graxa e, polo menos, un 25 por cento de extracto seco total procedente do leite.

3.º Leite evaporado parcialmente desnatado.—Leite parcialmente deshidratado que contén en peso máis dun 1 por cento e menos dun 7,5 por cento de materia graxa, e non menos dun 20 por cento de extracto seco total procedente do leite.

4.º Leite evaporado semidesnatado.—Leite parcialmente deshidratado que contén en peso entre un 4 e 4,5 por cento de materia graxa e, polo menos, un 24 por cento de extracto seco total procedente do leite.

5.º Leite evaporado desnatado.—Leite parcialmente deshidratado que non contén en peso máis dun 1 por cento de materia graxa nin menos dun 20 por cento de extracto seco total procedente do leite.

b) Tipos de leite condensado:

1.º Leite condensado.—Leite parcialmente deshidratado ó que se engadiu sacarosa (azucre semibranco, azucre branco ou azucre branco refinado) e que contén en peso, polo menos, un 8 por cento de materia graxa e non menos dun 28 por cento de extracto seco total procedente do leite.

2.º Leite condensado parcialmente desnatado.—Leite parcialmente deshidratado ó que se engadiu sacarosa (azucre semibranco, azucre branco ou azucre branco refinado) e que contén en peso máis dun 1 por cento e menos dun 8 por cento de materia graxa, e non menos dun 24 por cento de extracto seco total procedente do leite.

3.º Leite condensado semidesnatado.—Leite parcialmente deshidratado ó que se engadiu sacarosa (azucre semibranco, azucre branco ou azucre branco refinado) e que contén en peso entre un 4 e un 4,5 por cento de materia graxa e, polo menos, un 28 por cento de extracto seco total procedente do leite.

4.º Leite condensado desnatado.—Leite parcialmente deshidratado ó que se engadiu sacarosa (azucre semibranco, azucre branco ou azucre branco refinado) e que non contén en peso máis dun 1 por cento de materia graxa nin menos dun 24 por cento de extracto seco total procedente do leite.

1.2 Leite totalmente deshidratado.—O produto sólido obtido directamente por eliminación da auga do leite, do leite desnatado ou parcialmente desnatado, da nata ou dunha mestura dos ditos produtos, cun contido en auga igual ou inferior a un 5 por cento en peso do produto final.

Tipos de leite totalmente deshidratado:

1.º Leite en po rico en materia graxa.—Leite deshidratado que contén en peso, polo menos, un 42 por cento de materia graxa.

2.º Leite en po.—Leite deshidratado que contén en peso, polo menos, un 26 por cento e menos dun 42 por cento de materia graxa.

3.º Leite en po parcialmente desnatado.—Leite deshidratado cun contido de materia graxa superior a un 1,5 por cento e inferior a un 26 por cento en peso.

4.º Leite en po semidesnatado.—Leite deshidratado cun contido de materia graxa comprendido entre un 10 e un 16 por cento.

5.º Leite desnatado en po.—Leite deshidratado que contén en peso, como máximo, un 1,5 por cento de materia graxa.

2. *Tratamentos e aditivos autorizados:*

2.1 Para a fabricación de leite condensado, leite condensado parcialmente desnatado, leite condensado semidesnatado e leite condensado desnatado, autorízase o tratamento por medio da lactosa en cantidade adicional non superior a un 0,03 por cento en peso do produto final.

2.2 Sen prexuízo do disposto no Real decreto 1679/1994, do 22 de xullo, polo que se establecen as condicións sanitarias aplicables á produción e comercialización de leite cru, leite tratado termicamente e produtos lácteos, a conservación dos produtos previstos nos puntos 1.1 e 1.2 obterase polos seguintes procedementos:

1.º Tratamento térmico (esterilización, UHT, etc.), no caso dos distintos tipos de leite evaporado.

2.º Adición de sacarosa, no caso dos distintos tipos de leite condensado.

3.º Deshidratación, no caso dos distintos tipos de leite en po.

2.3 Autorízase a adición de vitaminas ós produtos definidos no punto 1, conforme o disposto no Real decreto 930/1992, do 17 de xullo, polo que se aproba a Norma de etiquetaxe sobre propiedades nutritivas dos produtos alimenticios.

3. *Etiquetaxe.*—Os produtos definidos no punto 1 deberán cumpri-lo disposto na Norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, aprobada polo Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo, coas seguintes particularidades:

a) As denominacións de venda previstas no citado punto 1 quedan reservadas ós produtos que figuran nel e deberán ser utilizadas no comercio para sinalalos.

b) A etiquetaxe deberá menciona-la porcentaxe de materia graxa do leite expresado en peso con respecto ó produto elaborado, salvo no caso dos produtos definidos como leite evaporado desnatado, leite condensado desnatado e leite desnatado en po.

c) A etiquetaxe igualmente deberá menciona-la porcentaxe de extracto seco magro procedente do leite no caso dos produtos definidos no punto 1.1.

d) As indicacións recollidas nas anteriores alíneas b) e c) deberán figurar ó lado da denominación de venda.

e) A etiquetaxe no caso dos produtos definidos no punto 1.2 deberá menciona-las recomendacións sobre o modo de dilución ou de reconstitución e o contido de materia graxa do produto diluído ou reconstituído.

f) Cando os produtos se presenten en envases inferiores a 20 gramos e estes se comercialicen nun envase exterior, as indicacións da etiquetaxe previstas poderán

figurar exclusivamente sobre o dito envase exterior, salvo o que concirne á denominación esixida na alínea a) precedente.

g) A etiquetaxe dos produtos definidos no punto 1.2 especificará que se trata dun produto «non recomendado para lactantes menores de 12 meses».

15598 REAL DECRETO 1049/2003, do 1 de agosto, polo que se aproba a Norma de calidade relativa ó mel. («BOE» 186, do 5-8-2003.)

Mediante Orde do 5 de agosto de 1983, foi aprobada a norma de calidade para o mel destinada ó mercado interior, de acordo cos requisitos establecidos pola Directiva 74/409/CEE do Consello, do 22 de xullo de 1974, relativa á harmonización das lexislacións dos estados membros sobre o mel, que fixaba as correspondentes definicións, especificaba as diferentes variedades e denominacións de mel que podían ser postas no mercado e establecía as características de composición, así como as principais indicacións que deben figurar na etiquetaxe.

A Directiva 2001/110/CE do Consello, do 20 de decembro de 2001, relativa ó mel, supón o novo marco normativo comunitario nesta materia, dentro do proceso de simplificación e adaptación ás disposicións comunitarias de carácter xeral aplicables ós produtos alimenticios, especialmente ás relativas á etiquetaxe, a hixiene, os contaminantes e os métodos de análise.

A incorporación da mencionada Directiva 2001/110/CE ó ordenamento xurídico interno, así como a substitución da citada Orde do 5 de agosto de 1983, que queda derogada, constitúen o obxecto deste real decreto polo que se establece a nova norma de calidade para o mel.

Os métodos de control previstos na Orde ministerial do 12 de xuño de 1986, pola que se aproban os métodos oficiais de análise para o mel, continúan vixentes.

Sen embargo, poderanse utilizar aqueloutros métodos de análise validados internacionalmente ou aprobados polo «Codex Alimentarius», para verificá-lo cumprimento do sinalado pola Directiva 2001/110/CE, mentres a Unión Europea non adopte novos métodos.

No proceso de elaboración desta norma foron consultadas as comunidades autónomas, así como os sectores afectados, e emitiu o seu preceptivo informe a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Este real decreto dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e da sanidade.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e da ministra de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de agosto de 2003,

DISPONGO:

Artigo único. *Aprobación da Norma de calidade relativa ó mel.*

Apróbase a Norma de calidade relativa ó mel, da que o texto se insire a continuación deste real decreto.

Disposición adicional única. *Métodos de análise.*

Os métodos de control previstos na Orde ministerial do 12 de xuño de 1986, pola que se aproban os métodos oficiais de análise para o mel, continúan vixentes.

Así mesmo, poderán utilizarse aqueloutros métodos de análise validados internacionalmente ou aprobados polo «Codex Alimentarius», para verificá-lo cumprimento do disposto pola Directiva 2001/110/CE do Consello, do 20 de decembro de 2001, relativa ó mel, mentres a Unión Europea non adopte novos métodos.

Disposición transitoria única. *Réxime normativo transitorio.*

1. Os produtos obxecto deste real decreto poderán seguir sendo comercializados ata o 1 de agosto de 2004, sempre que cumpran o disposto nas disposicións vixentes con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto.

2. Non obstante, o mel etiquetado antes do 1 de agosto de 2004 e que non se axuste ó disposto neste real decreto poderá seguir comercializándose ata a extinción da súa vida comercial, sempre que estea conforme co disposto nas disposicións vixentes con anterioridade á súa entrada en vigor.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

A partir da entrada en vigor deste real decreto, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido nel e, en particular, a Orde do 5 de agosto de 1983, pola que se aproba a norma de calidade para o mel destinado ó mercado interior.

As referencias efectuadas á citada Orde do 5 de agosto de 1983 deberán entenderse referidas á norma de calidade relativa ó mel que se insire a continuación deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e a ministra de Sanidade e Consumo poderán dictar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento do establecido neste real decreto e, se é o caso, para a actualización da norma de calidade, cando iso sexa necesario, para adecualala á normativa da Unión Europea.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 1 de agosto de 2003.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno e ministro da Presidencia,
MARIANO RAJOY BREY

Norma de calidade relativa ó mel

1. Obxecto

Esta norma de calidade ten por obxecto defini-lo que se entende por mel e fixa-las condicións e características que debe cumprí-lo dito produto para a súa presentación, comercialización e consumo no mercado interior.